

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000038.

Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércres**, día **31 de agosto de 2022, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL, SITO NA RÚA GALEGOS, NÚMERO 31, NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE GALEGOS - PORTIÑO, PARROQUIA DE LUGO-GALEGOS (SANTIAGO DE AFORA). (EXP. 2021/Y001/000068).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR NO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE AIREXE, PARROQUIA DE PRÓGALO. (2021/Y001/000123).

XESTIÓN URBANÍSTICA

3. OUTORGAMENTO DE PRÓRROGA DA EXECUCIÓN DO "PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA MAZÁ 214A DO PEPRI DE LUGO". PU-222.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN

4. CONTRATACIÓN DA OBRA PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO CAMIÑO REAL (LUGO), EXP. REF. 2022-C002-000013. ADXUDICACIÓN.
5. SEGUNDA E DERRADEIRA PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DE REPARACIÓNS E TRABALLOS DE APOIO NA REPARACIÓN DE AVARÍAS NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF: 2020/C003/000007 QUE VAI DENDE O 9-11-2022 ATA O 8-11-2023.

PERSOAL

6. COMPROMISO DE INCORPORACIÓN DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL NA PRÓXIMA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2022.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,